

ACTIVISTAS!

POLO MUNDO QUE QUEREMOS'



RADIO DE COMBATE

Como facer unha reportaxe radiofónica

1. FORMA O TEU EQUIPO

Facede grupos de entre 3 e 5 persoas (aproximadamente). Teñen que ser persoas da clase que elixiran o mesmo activismo ca ti.

2. QUE É UNHA REPORTAXE?

- Unha reportaxe é un traballo xornalístico que trata un só tema en profundidade. Comeza facéndonos unha gran pregunta, tipo...*Cales son as empresas máis contaminantes do mundo? E en Galicia, hai algunha? Ou Hai racismo no noso centro? Na nosa vila? Ou Cal é a situación das persoas LGTBI no mundo?* E a partir de aí, ir recollendo toda a información que poidamos.
- Unha boa reportaxe pode incluír entrevistas, testemuños, enquisas, estatísticas, comentarios, ruídos reais gravados no terreo, pequenas esceas que reconstrúen os feitos, recursos literarios, estrofas musicais...Creatividade ao poder!!
- Todos eses elementos vanse incorporando arredor da narración central. A reportaxe require de moita investigación. Trátase de brindar toda a información posible sobre un feito, cara atrás e cara adiante, no seu contexto e nas súas previsibles consecuencias.

3. ELIXE TEMA

Entre todas as persoas do teu equipo pensade que temática vos gustaría investigar na vosa reportaxe.

Aquí vos deixo algunha ideas, pero poden ser outras. Iso si, recordade que sodes Activistas polo Mundo que Queremos!!!

Ideas activismo medio ambiental:

- Cales son as empresas máis contaminantes do mundo? e en Galicia, hai algunha?
- Minería VS agua limpa no mundo. O caso galego: A mina de Touro.
- Ence, a eucaliptización de Galicia.
- Exemplos de éxito do activismo medio ambiental.
- Guerra ao consumismo: que podemos facer para non ser tan consumistas?
- Comercio Xusto preto de mín...onde podemos comprar estes produtos?
- Que consecuencias teñen noutros países as miñas decisións de compra?

Ideas activismo contra o racismo/xenofobia:

- Hai racismo no noso centro? na nosa vila?
- Coñecendo aos nosos veciños/as migrantes, que nos teñen que contar?
- Hai ou houbo migrantes nas nosas familias? Como viviron o proceso?
- Desmentindo os bulos sobre as persoas de etnia xitana/ musulmáns/migrantes
- Por que migran as persoas?
- Quen son as afroalegas?



RADIO DE COMBATE

Como facer unha reportaxe radiofónica?



Ideas de activismo feminista/LGTBI:

- Identificando música machista, propoñendo música feminista.
- Mulleres que nos inspiran
- Como é a imaxe da muller nos medios de comunicación? E na moda? E na publicidade? E nos videoclips? E nos videoxogos?
- LGTBIQ, Que significan todas esas siglas?
- Historia do movemento feminista
- Cal é a situación das persoas LGTBIQ no mundo?
- Desafiando os estereotipos de xénero: #Todosconfalda ou as Teddy Girls

4. INVESTIGA

Non podemos facer unha reportaxe sen antes investigar.

Podedes buscar por internet, facer entrevistas (e gravalas co móbil, logo podémolas incluír no programa...) facer enquisas, preguntar a expert@s na materia que ides a traballar, visitar lugares... O importante é recadar información veraz e reflexionar sobre ela.

5. ORGANIZA A INFORMACIÓN CUN GUIÓN:

Agora que xa conseguistes toda a información que necesitas, tedes que organizala nun guión radiofónico.

Un guión radiofónico é un texto que se escribe para ser lido en alto pola radio (é dicir, locutado) polo tanto ten que ter algunhas características:

- No guión debemos sinalar quen locuta cada parte para saber a quen lle toca. É importante que todos e todas participedes, cantas máis voces mellor!
- Cada un de vós deber ter unha copia do guión e ter sinalada a parte que lle corresponde locutar (se só temos unha copia hai que compartila, e ao ir pasando o guión de persoa a persoa, réstalle dinamismo ao programa)
- Hai que falar o idioma da nosa "audiencia". Usar palabras correctas pero coloquiais. Explicar palabras difíciles. Que a xente que nos escoita nos entenda.
- Evitar os parágrafos moi longos: usar frases curtas. 20 palabras máximo entre punto e punto facilitan moito a lectura.

Compróba ti mesmo/a! Le en alto estes dous parágrafos:

Falar por radio, malia o que din por aí, non é un asunto tan difícil, aínda que para algúns tímidos, sobre todo ao principio, podería parecelo na medida en que, sen demasiada experiencia, non lle toman, como ocorrerá despois, o debido gusto ao micrófono.

Non se fíe do que din por aí. Falar por radio non é asunto tan difícil. Ao principio, poderá parecer así para algúns tímidos. É a falta de experiencia. Pero unha vez que lle toman gusto ao micrófono, xa non queren soltalo.

6. USA UNHA LINGUAXE NON SEXISTA

Usar unha linguaxe non sexista é doado, basta con incluír tamén ás mulleres. Mira este exemplo:

Os cidadáns teñen dereito a voto. A declaración correcta é: Os cidadáns e as cidadás teñen dereito a voto. Ou A cidadanía ten dereito a voto

7. PENSA COMO UNHA/UN ACTIVISTA

Que queredes conseguir coa vosa reportaxe?

Que as persoas que nos escoiten coñezan unha realidade que antes non coñecían, que reflexionen sobre unha determinada temática, que se indignen ante unha inxustiza, que se unan a unha campaña por redes sociais, a un movemento, a unha manifestación, a unha marcha, a unha protesta, darlles ideas e ofrecer inspiración para cambiar as cousas, que se organicen en torno a unha loita...

Agora xa estades listos/as para crear as vosas reportaxes radiofónicas!!

Parada
4

RADIO DE COMBATE

Como facer unha reportaxe radiofónica?




EXEMPLO DE GUIÓN RADIOFÓNICO

Como vedes hai catro columnas. A primeira (LOC) é para saber quen está falando nese momento, é dicir quen é o locutor ou locutora

Á segunda columna chamámoslle CONTROL. Serve para que a técnica de son (que neste caso será a monitora de radio) saiba que está pasando nese momento, é dicir, se entra unha música, se o que estades a falar é a presentación do programa, é a introdución, se entra unha entrevista, un corte de son...

A cuarta columna(MIN) refírese ao minutado, é dicir, canto tempo dura cada parte.
Pensade que a vosa reportaxe en total non debe superar os 5 minutos. Xa que crearemos un programa coas reportaxes de toda a clase, e este non debería superar os 20-30 min

REPORTAXE: Coca cola e un mar de plástico		IES: As Mirandas	DURACIÓN: 5 min
LOC. QUEN FALA?	CONTROL QUE SUCEDE?	TEXTO QUE SE DI?	MIN CANTO DURA?
	MUSICA INTRO		15s
Malena	PRESENTACIÓN E BENVIDA	Ola activistas! Hoxe as miñas compañeiras Xiana,Luisa, Carlos,e a que vos fala Malena, imos a contarvos cousas ben interesantes dun tema do que pensamos que non se fala o suficiente...así que prestade atención!!	15s
Xiana	INTRODUCCIÓN	Imos a falar dos mares de plástico...sabiades que cerca do 10% de todo o plástico que se fabrica no mundo, e mira que o mundo é grande, remata no mar?	15s
Carlos	INTRODUCCIÓN	Mi madriña! E a que non sabedes cal é a empresa que mais contamina o mar...A Coca Cola!! Pensades que a xente sabe isto? E mais aínda...pensades que se o soubese seguiría tomando cocacola?	15s
Luisa	INTRODUCCION	Pois como nos tamén tiñamos as nosas dúbidas, fixemos unha enquisa no instituto para saber quen toma coca cola e quen non, quen sabía que a cocacola era a empresa que mais contamina os mares do mundo, e sobretudo... agora que o sabes, deixaría de tomala? Estas son as respostas que nos deron!	20s
	VOCES DOS ENQUISADOS/A S (Gravados previamente co móbil)		1 Min
Xiana	INFORMACIÓN	Pois aí tedes as opinión dos mozos e mozas do instituto. Como vemos a maioría non tiña nin idea disto...por que será?	15
Carlos	INFORMACIÓN	Será que a Coca Cola non lle interesa que o saibamos? Pero entón que deberíamos tomar cando imos a un bar...preguntámoslle a Zaida Calvo, experta en comercio xusto?	15
Malena	ENTREVISTA(En directo ou Gravada previamente co móbil)	Bo día Zaida! Primeiro acláranos que isto do comercio xusto? Que alternativas temos, se non queremos tomar Coca Cola porque son unha compañía ben sucia?	2 min
		Etc...	

 E recorda!!! É importante que para a sesión 5 teñades listos os vosos guións (escritos, lidos e a poder ser ensaiados) xa que nesa sesión os locutaremos, coma se fixésemos un programa de radio en directo!!!

A terceira columna (TEXTO) é onde tedes que escribir exactamente o texto que ides a ler. A idea é que cando o leades soe o máis natural posible.